

Discurso ensaístico e discurso narrativo na prosa galega do século XIX

CARMEN FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN

Universidade da Coruña

0. Introducción

Este traballo é produto da reformulación, e esperamos que do afinamento, de reflexións anteriores sobre este mesmo tema, xeradas a partir da constatación da necesidade de revisar os estudos sobre a prosa do século XIX, pois, de verificarmos o estado da cuestión á hora de avaliar a produción decimonónica, tórnase evidente até que punto os xéneros prosísticos teñen concitado unha menor atención por parte da crítica galega; circunstancia esta historicamente explicábel polo feito de a poesía ser, con moito, durante o século XIX, o xénero preponderante, tanto en calidade como en cantidade, entre os nosos autores e autoras, mais que orixinou unha clara secundarización da prosa producida na mesma etapa.

Ao mesmo tempo, esta reflexión ten moito a ver coa renovación do interese pola teoría dos xéneros levada adiante por determinados sectores da crítica ao longo da segunda metade do século XX. Neste seu rexurdimento, as reflexións teóricas sobre estas cuestións afastáronse dos debates sobre as normas fixas das clasificacións xenéricas ou da idea do xénero como proceso do cambio textual de modo que, desde unha pluralidade de discursos críticos (desde ensaios feministas até os dos teóricos de metodoloxía marxista como Althusser, Fredric Jameson ou Franco Moretti, entre outros), os xéneros pasaron a ser concibidos como marcos para relacionar a literatura coas formacións sociais. Así, de máis a máis, foise estendendo «el reconocimiento de los géneros como un método para revelar un proceso histórico que proporciona una comprensión valiosa, práctica y teórica de los cambios, lagunas y transformaciones que aparecen en la escritura de la historia literaria y de otras historias», en palabras de Ralph Cohen (Cohen, 2005: 225).

Tendo en conta esta perspectiva teórica, coidamos que resulta imprescindible iniciar unha revisión dos xéneros prosísticos cultivados no século XIX na Galiza, pois a súa análise, a partir dunha focaxe máis ampla e diversa das até agora existentes, contribuirá, sen dúbida, a deitar máis luz a respecto da nosa historia literaria. Este estudo de conxunto dos xéneros prosísticos decimonónicos na literatura galega tería que desenvolver varias liñas apenas suxeridas a día de hoxe (por exemplo, aínda están pendentes dun estudo rigoroso cuestións básicas como o establecemento dunha caracterización xeral da prosa do Rexurdimento, a periodización da produción do período, así como a análise das principais liñas temáticas que a orientan¹ e a súa frecuencia de aparición segundo os xéneros).

Todo isto sobarda con moito a extensión desta comunicación, polo que nos imos centrar en dous aspectos que coidamos de especial interese e merecentes dunha reflexión polo miúdo, xa que xorden inmediatamente á hora de afrontar calquera estudo sobre a prosa galega do XIX; falamos dos *problemas de adscrición xenérica dalgúns textos e da polémica consideración dalgúns deles como textos literarios*, cuestións problemáticas, moi ligadas entre si, especialmente visíbeis na primeira etapa da nosa literatura contemporánea (mais non só, pensemos nun texto posterior e referencial como é *O Catecismo do Labrego*) que condicionaron grandemente a valoración crítica destas obras.

1. OS INICIOS DA PROSA GALEGA CONTEMPORÁNEA: CARÁCTER LITERARIO OU NON DOS PRIMEIROS TEXTOS

As primeiras mostras narrativas son aquelas producidas entre os anos 1808-1840 que o profesor Ricardo Carvalho Calero recolleu baixo o rótulo de prosa patriótica e política ou, tamén, de literatura utilitaria ou de circunstancias (Carballo, 1975). Son estes textos as primeiras manifestacións que poden ser cualificadas como literarias, aínda que esta valoración non sexa unánime entre a crítica. Fronte á consideración tradicional na nosa historiografía que arrinca de Carvalho, outros autores e autoras sosteñen que perante estes textos non se pode falar propiamente de manifestacións literarias.

Carvalho Calero, no seu día, ao falar dos primeiros textos de carácter patriótico, cualificounos como *literatura tendenciosa* e afirmou que, se ben nela non abunda-

¹ Ao noso xuízo, tres son os grandes temas ao redor dos que se organizan estes textos: o tema folclórico-popular, o tema patriótico-reivindicativo (dentro do que, a modo de subtema, cómpre incluír o tema histórico) e o tema sentimental.

ban os valores estéticos (Carballo, 1975: 13), si resultaba interesante pola súa capacidade para reflectir as condicións históricas ou sociais do tempo (Carballo, 1975: 31). Unha consideración en parte semellante lle mereceron os textos que incluíu baixo a epígrafe de escritos satíricos de carácter popular, na súa opinión interesantes do punto de vista ideolóxico ou polo seu valor para o estudo do idioma ou da literatura popular (Carballo, 1975: 60). Porén, malia a insistencia no valor esencialmente documental, didáctico ou utilitario destes textos, Carvalho incluíunos no repertorio da nosa historia literaria e así, baixo a epígrafe de prosa patriótica e/ou política e/ou de circunstancias, os manuais posteriores recolléronos como textos que, se ben cun escaso valor, posuían unha clara intencionalidade literaria.

Fronte a isto, nos últimos tempos, unha parte da crítica galega sostén que estas primeiras producións prosísticas non poden ser consideradas propiamente como manifestacións literarias por mor do seu carácter «excesivamente utilitario».

Anxo Tarrío di que apenas hai nada na primeira metade do XIX que pague a pena citar do punto de vista da literatura culta (Tarrío, 1994: 97). Nesta mesma liña teríamos que situar a Modesto Hermida, que non inclúe ningún destes textos no seu estudo sobre a prosa do XIX ao considerar que neles non hai indicios de xénero narrativo (Hermida, 2000: 417), e tamén a Xosé M^a Dobarro quen afirma que a etapa 1808-1833 é unha continuación dos séculos anteriores en que a presenza de textos en galego non nos pode levar a afirmar que Galiza conte cunha literatura de seu (Dobarro, 2000: 106). Dolores Vilavedra, ao se referir á produción da primeira etapa do Rexurdimento (1808-1863), di que os textos desta época se caracterizan pola súa evidente finalidade pragmática. Isto lévaa a falar de textos paraliterarios, cualificativo que se refire ao feito de se produciren sen conciencia nin pretensión de integración nun sistema literario (Vilavedra, 1999: 95). Tamén Carme Ríos Panisse considera que estes non posúen intención literaria ou estética senón puramente propagandística² e que, polo tanto, non se pode falar en rigor de literatura senón unicamente de textos con valor documental (Ríos Panisse, 2001: 112-113).

Na nosa opinión, para avaliar con xusteza estes textos cómpre pór sobre a mesa certas cuestións que non por básicas ou reiteradas deixan de ser fundamentais como punto de partida de calquera análise sobre esta época. Cómpre lembrar, máis unha vez, que o importante hiato que sofre a historia autónoma de Galiza na Idade Moderna non podía deixar de afectar a unha institución como é a Literatura. Sinala M^a Pilar García Negro que o que existiu durante os Séculos Escuros foron retallos de resisten-

² «Certo é que [as minorías concienciadas] recorren, ás veces, a formas propias do mundo literario, pero fano para facilita-la lectura pública e a transmisión oral das ideas e non como anqueira artística» (Ríos Panisse, 2001: 113).

cia mais non institución propiamente dita e esta circunstancia anormal resulta esencial para podermos explicar a natureza, a intencionalidade e características dos primeiros textos literarios en galego durante o século XIX (García Negro, 1996: 276).

Escribe Rosalía uns anos máis tarde no ensaio literario que encabeza *Follas Novas*: «...as cousas teñen de ser como as fan as circunstancias». Esta afirmación resulta absolutamente pertinente para nos introducir na análise da literatura deste período, unha literatura que xorde moi condicionada pola súa función utilitaria (tanto a poesía como a prosa), nun formato, tamén, condicionado polas súas canles de difusión (xornais, folletos, follas soltas..., non hai libros), nun sistema literario aínda sen configurar (sen empresas editoriais, teatros...), mesmo, sen consciencia de ser un sistema autónomo (e sen vontade definida de creación).

Ao mesmo tempo, e isto xa foi subliñado por unha parte da nosa crítica, os primeiros textos en prosa representan a continuación do discurso ideolóxico dos Ilustrados. Non resulta, pois, estraño que neles domine o poderoso espírito crítico e a vontade didáctica e polémica en que se formaron os seus autores e que, de modo evidente, condicionan aínda o universo cultural que caracteriza os inicios do século XIX. Con todo, esta estreita ligazón coa literatura do século XVIII non se vai ver só no relativo aos contidos ideolóxicos destes textos senón tamén no que atinxe á cuestión xenérica que estamos a tratar.

Só a modo de apuntamento, cómpre lembrar algunhas características xerais da literatura que se compuxo na Península ao longo do século XVIII (isto é, a que leron as persoas que redixiron os textos que estamos a analizar). Pódese afirmar que, en liñas xerais, este século representa o paso a un segundo plano dos xéneros tradicionalmente considerados como «propiamente artístico-literarios» ou fortemente artísticos (poesía e novela) para, como contrapartida, instalar de modo central dentro do sistema os diferentes discursos de prosa crítica e didáctica. Asemade, como é sabido, foi a prosa do dezaioito quen puxo as primeiras bases das linguaxes críticas modernas e, polo tanto, da diversidade dos xéneros didácticos e ensaísticos.

Pensemos, a modo de exemplo, no renacemento que tivo lugar neste tempo de xéneros como o diario ou a epístola, os libros de viaxe ou as utopías, ou, moi especialmente, o informe, a memoria e o discurso; é o tempo, tamén, da modelización do artigo xornalístico. Estes subxéneros ocuparon un lugar central no sistema literario e contribuíron decididamente á evolución cara á configuración do ensaio no sentido moderno. Ademais, é propio desta etapa o crecente contaxio moral e didáctico sufrido pola prosa novelística, o que vai provocar unha aproximación decidida entre discurso de ficción e discurso ideolóxico (Aullón de Haro, 1987: 14), algo que ten moito a ver cos textos que nos ocupan.

Imos, pois, lembrar brevemente as características fundamentais dalgúns destes primeiros textos prosísticos da nosa literatura contemporánea.

En concreto, os textos máis interesantes deste grupo son os que presentan forma dialóxica, aínda que hai outros textos non dialogados, por exemplo a «Carta recomendada» (1812) que se corresponden co mesmo fin didáctico-doutrinario e presentan as mesmas características estilístico-discursivas, canto á ambigüidade xenérica. Neste texto resulta curioso ver a configuración da voz narradora (que no texto se autocaracteriza como labrego) mais que se revela como unha persoa letrada, que pouco a pouco vai expondo unha auténtica lección de teoría política (loa ás Cortes de Cádiz, defensa da soberanía nacional e da monarquía constitucional...), un discurso didáctico na liña do pensamento liberal da época.

Volvendo á nosa liña principal, interézanos reflexionar sobre os trazos definidores de textos como as «Proezas de Galicia» (1810) ou, sobre todo, daqueloutro conxunto compacto de textos cronoloxicamente situados entre 1813 («Conversa no adro») e 1841 («Os dereitos de estola»), mais con especial presenza nos períodos de goberno liberal (pola liberdade de prensa: 1820-1823 e despois de 1833), que, baixo variados títulos (conversa/ diálogo /parola /tertulia...) posúe unhas características ben definidas.

Cales son, pois, as características fundamentais destes textos?

- 1.- Por unha parte, o seu valor ideolóxico-didáctico: son textos de intervención, concibidos para explicaren ideas, transmitiren opinións, expresaren críticas... e que, nun contexto de cambio como o da altura, foron elaborados e difundidos para formar o público lector ou ouvinte (hai que ter en conta que, moi probabelmente, serían lidos en alta voz).
- 2.- Por outra, e este é o aspecto que máis nos interesa subliñar aquí, son textos con progresiva conciencia do seu valor e función literaria. Entre estes valores literarios poderíamos citar a modo de exemplo:
 - a) Progresiva caracterización das personaxes (por exemplo na «Tertulia de Picaños» e na «Tertulia da Alameda»). Asistimos á repetición de personaxes, referencias entre eles ou entre as opinións expresadas anteriormente (procura dunha relativa continuidade narrativa, un certo carácter serial...). Vemos, tamén, a caracterización das personaxes a través do uso de diferentes rexistros lingüísticos (véxase, por exemplo no «Primeiro Diálogo na Alameda» de 1836 os perfis lingüísticos de Farruco ou Cristobo –que falan só galego– fronte a Bartolo ou Freitoso, definidos polo uso do castelán ou o castrapo).
 - b) Hai unha conciencia por parte do autor (ou autores) de estar a construír un *continuum* textual de carácter literario, xa que constatamos uns interesantes xogos intertextuais entre algúns dos textos. Por exemplo, no «Segundo Diálogo na Alameda» de 1836, o cura que foi receptor inma-

nente (pois leu o texto do primeiro diálogo), aparece agora convertido en personaxe que fala cos «famosos»³ (o que, por outra parte, nos permite observar de novo o carácter serial).

- c) Nos textos atopamos numerosas indicacións de acción e movemento escénico (para alén da propia presenza do diálogo). Estes elementos permítenos falar do carácter parateatral desta produción, directamente vinculada co entremés e co teatro popular que, seguindo a hipótese de Laura Tato, supomos existente na época (Tato, 1999: 16).

Todo isto lévanos a ter que reflexionar sobre a problemática caracterización xenérica destes textos. É este un problema, na nosa opinión, moi interesante, dado o carácter heteroxéneo dos elementos que conteñen e que evidencian a permeabilidade do xénero e o seu entrecruzamento coa narrativa e o teatro, mais tamén coa prosa doutrinal e o xornalismo... Son, por tanto, textos definidos, sobre todo, polo seu propio carácter de «textos compósitos»; un tipo de textos que xustamente se move nas marxes das convencións xenéricas mais que se pode inserir no ámbito dos *xéneros didáctico-ensaísticos*. É esta unha categoría de difícil delimitación que os modernos tratadistas⁴ utilizan a modo de caixón de xastre para poderen englobar a variedade de tipoloxías textuais, con diferenzas substanciais, tanto formais como ideolóxicas, que tradicionalmente ficaron fóra do ámbito das Poéticas, por trataren materia doutrinal e non ficcional⁵ e que, como xa vimos, tiveron singular protagonismo e relevancia ao longo do século XVIII e nos inicios do XIX. Así, segundo os mesmos autores, dentro deste cuarto grupo (que se engade á tradicional clasificación ternaria dos xéneros: eles falan de xéneros poético-líricos, xéneros épico-narrativos e xéneros teatrais) inclúese un grupo heteróclito de subxéneros, organizados a partir de tres categorías de acordo coa súa determinación formal-expresiva; fálase, así, de xéneros de *expresión*

³ As personaxes sábense coñecidas e, así, un deles, Freitoso, afirma: «Pra eso ya andamos en letras de molde por la Vila, como si fuéramos algún» (García Negro & Gómez Sánchez, 1996: 76). Este fragmento é un bo exemplo de utilización dunha estratexia arquetípica dirixida a crear a conciencia dun vínculo entre texto e lectores (esa Vila determinada, é un espazo común que funciona desde o interior da ficción até o exterior dos receptores) na liña da formación dunha «comunidade imaxinada» (Anderson, 1993: 23-25).

⁴ Véxase, por exemplo, García Berrio & Huerta Calvo, 1995: 218-230.

⁵ Segundo estes autores: «La lengua sirve en ellos para la comunicación del pensamiento en sus diversas facetas: filosófica, religiosa, política, científica... Por consiguiente, el propósito estético queda subordinado en este grupo a los fines ideológicos, sin que quepa afirmar, no obstante, que aquél esté ausente por completo» (García Berrio & Huerta Calvo 1995: 218). Isto último vese na dificultade de pór límites entre o didáctico e o ficcional no ensaio ou no artigo xornalístico, en moitos casos de clara intencionalidade artística.

dramática (como o diálogo), de *expresión obxectiva* (como o ensaio, o artigo, o tratado, o discurso, o sermón... mais tamén a historia, a biografía, o libro de viaxes) e de *expresión subxectiva* (como a autobiografía, o diario, as memorias) (García Berrio & Huerta Calvo, 1995: 219-220).

Na nosa opinión, e sen ánimo de deixarnos levar por ningún afán taxonomista, abondaría con reflexionar a partir desta tipoloxía funcional para ter que reconsiderar e, xa que logo, establecer definitivamente o carácter, na nosa opinión, claramente literario deste tipo de textos.

Para alén disto, este tema debe ser analizado, sobre todo, á luz doutra focaxe radicalmente diferente da anterior e que ten a ver coas reflexións teóricas mencionadas no inicio desta comunicación, aquelas que ligan a Teoría dos Xéneros cos procesos históricos e sociais.

Estas recentes revisións da Teoría dos xéneros tiveron moito a ver coas investigacións ligadas á análise dos textos pertencentes aos discursos elaborados pola crítica que atende ás literaturas que se moven nas marxes (literatura de escravos, de mulleres, literaturas nacionais emerxentes...) e que conseguiron pór en evidencia até que punto era necesario revisar o concepto de xénero como algo inmutábel. Estes estudos recuperaron textos escritos por representantes destas minorías, textos pouco coñecidos ou minusvalorados por parte da historia/ literaria e con isto intentaron demostrar os prexuízos ocultos que subxacían na tradición recibida, así como a falta de obxectividade dos xéneros críticos e teóricos herdados. Deste modo, en época recente, integráronse nos estudos literarios xéneros pouco ou nada valorados, como narracións memorialísticas ou confesións, ao tempo que se revisaban os trazos caracterizadores doutros, como, por exemplo, a autobiografía.

Este tipo de estudos cuestionaron calquera tipo de clasificación monolítica, pois do mesmo modo que os xéneros incorporan e exclúen constituíntes ao longo dos séculos (ou mesmo se inclúen ou exclúen en si mesmos), un texto pertencente a un xénero pode estar incluído tamén noutro, ou distintos lectores poden non concordar á hora de adscribilo a un xénero determinado. Isto lévanos a partillar a idea de Ralph Cohen (Cohen, 2005: 226-227) de que os xéneros deben ser analizados como conceptos non monolíticos, senón combinatorios (produto da transformación, interacción, cambio...).

Ao mesmo tempo, autores que estudaban o proceso de configuración de novos discursos nacionais, incidían en aspectos semellantes. Por exemplo, Edouard Glissant, afirma que a teoría dos xéneros non se pode acomodar ás necesidades dos novos países independentes porque é demasiado ríxida; os xéneros non funcionan do mesmo xeito nos países occidentais que no Caribe e é xustamente a través dos novos procesos combinatorios polo que se crea unha nova identidade nacional posíbel (Glissant, 1989).

Como estamos a ver, xustamente esta relativa indefinición-hibridismo-xogo xenérico se produce con frecuencia en literaturas que se moven nas marxes do sistema e/ou que se atopan nun momento fundacional (literatura feminista, afro-americana, *gay* oulésbica ou literaturas nacionais en proceso de constitución), polo que non resulta estraño que esta revisión da crítica e a teoría do xénero teña a ver co estudo polifacético da identidade como un proceso social.

Por que se produce este proceso en todas estas literaturas?

Talvez polo grande peso que os discursos didáctico-formativos teñen nestes discursos literarios fundacionais e que obriga á procura/adaptación dos moldes xenéricos coñecidos⁶.

Talvez como consecuencia da percepción da necesidade de elaboración duns novos referentes identitarios (de afirmación e/ou negación a respecto do establecido, ben sexa poder patriarcal, masculino ou colonial...) e, xa que logo, da transformación dos modelos estéticos e literarios que sustentaban os vellos referentes.

En calquera caso asistimos á creación duns novos discursos, novos desde o punto de vista do contido (porque nos están a presentar unha nova visión da sociedade ou serven para exteriorizar que esta existe) e novos do punto de vista formal e discursivo, porque necesitan expresar esas novas visión da realidade a través de diferentes combinacións de estilos e discursos, inéditas até aquel momento con ese sentido.

Pensemos de novo nos nosos primeiros textos en prosa. Como non podía ser doutra maneira, exemplifican perfectamente ese primeiro momento de representación da nación, un intre, por así dicilo, pre-nacional, aínda de contornos indefinidos.

Podemos falar de textos cun carácter incipientemente identitario: neles asistimos á representación dos sinais que nos caracterizan e que, se supón, deben provocar a autoidentificación inmediata dos receptores (pertenza ás clases populares, vestimenta, expresións, costumes, uso da gaita...) ao apelaren a recursos emotivos, familiares para o receptor.

Estes textos comezan a configurar, de xeito, certamente, incipiente, a necesaria «comunidade imaxinada», isto é, o espazo simbólico recoñecíbel e, tamén, os seus habitantes (unhas personaxes en que os lectores-ouvintes podían sentirse representados), que falan galego (clases populares vilegas e rurais), sobre os temas que os atinxen.

⁶ Noutros contextos, neste caso nos novos sistemas literarios que se están a configurar na Iberomérica decimonónica, imos ver como esta hibridez xenérica é un elemento caracterizador de moitos dos textos máis relevantes da época. Un dos exemplos máis claros é o *Facundo* de Sarmiento, un texto paradigmático no conxunto dos textos considerados fundacionais en América, caracterizado pola súa problemática clasificación xenérica (este libro pode lerse en parte como ficción, en parte biografía, historia, ensaio ou, mesmo, panfleto político). Sobre a correlación entre as estratexias textuais e as claves de lectura que elas activan nesta obra, véxase Sorensen, 1998: 61-71.

Para expresaren isto, os autores reutilizan certos moldes xenéricos coñecidos (o diálogo de tradición clásica, o discurso, o artigo xornalístico...) e renóvanos; mellor dito, reconvérteno nun novo tipo de discurso, neste caso, tamén didáctico-doutrinario, mais de valor totalmente novidoso.

Estes textos son dunha novidade radical pois proxectan a forma diversa de ver a sociedade (a súa propia sociedade) que teñen os autores que os compoñen. E estes autores interpelan directamente aos seus lectores/ouvintes dunha maneira que é nova, mais que, sen dúbida, foi eficaz visto o éxito e a continuidade dos textos deste tipo.

Estas conversas/ palabras/ diálogos... permiten, por primeira vez, que un certo grupo (aínda non nacional mais que, polo que se aprecia nos propios textos, se percibe a si mesmo con características comúns), se autorrecoñeza na representación literaria, onde aparece presentado sen ridiculización ou burlas.

Talvez isto explique o suceso que estes textos tiveron no seu momento (tal como se ve na fortuna editorial que parecen reflectir) e a boa recepción por parte do público.

Isto mesmo acontece con outro texto importantísimo, *O Catecismo do Labrego* de Valentín Lamas Carvajal, do que non nos podemos ocupar agora mais que presenta, basicamente, moitas das características dos que aquí se analizaron (dificultosa adscrición xenérica, enorme suceso editorial, valor didáctico, discurso ideolóxico identitario, función de intervención, etc.) e sobre o que hai, tamén, unha escasa bibliografía crítica.

2. CONCLUSIONES

Pensamos que é necesario reavaliar a función e o valor literario destes textos desde o marco interpretativo dos estudos sobre construción nacional e análise dos procesos de emerxencia literaria (pois, como foi dito, os procesos de construción nacional e de conformación dos sistemas literarios son moi semellantes entre si). Na nosa opinión, a prosa producida na Galiza na primeira parte do século XIX é unha literatura condicionada pola súa función utilitaria (dalgún xeito volvemos ao profesor Carvalho Calero), feito este que marca a primeira característica coincidente coa produción literaria que se desenvolve noutros contextos emerxentes, na teoría, moi diferentes. Aliás, o seu claro carácter pragmático e didáctico, evidencia máis que calquera outro trazo a súa adscrición a ese tipo de literatura que ten como eixo central o discurso sobre a identidade (en sentido amplo).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aullón de Haro, P. (1987): *Los géneros ensayísticos en el siglo XVIII*. Madrid: Taurus.
- Anderson, B. (1993): *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*. México: Fondo de Cultura Económico.
- Carballo Calero, R. (1975): *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia.
- Cohen, R. (2005): «Teoría de los géneros, historia literaria y cambio histórico». In L. Beltrán & J. A. Escrig (comp.), *Teorías de la historia literaria*. Madrid: Arco, 221-252.
- Dobarro, X.Mª (2000): «O nacemento dunha literatura». In A. Tarrío Varela (coord.), *Galicia. Literatura: Os Séculos Escuros. O século XIX*. Vol. XXXI. A Coruña: Hércules, 88-109.
- García Berrio, A. & J. Huerta Calvo (1995): *Los géneros literarios: sistema e historia*. Madrid: Cátedra.
- García Negro, Mª P. (1996): «A emerxencia da literatura galega na primeira metade do século XIX». In VV.AA., *Historia da literatura galega*. Vigo: AS-PG / A Nosa Terra, 257-288.
- García Negro, MªP. & A. Gómez Sánchez (eds.) (1996): *A literatura galega do pre-renacemento (1808-1863)*. Vigo: AS-PG / A Nosa Terra.
- Glissant, E. (1989): *Caribbean Discourse: Selected Essays*. Charlottesville: University Press of Virginia.
- Hermida, M. (2000): «A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento». In A. Tarrío Varela (coord.), *Galicia. Literatura: Os Séculos Escuros. O século XIX*. Vol. XXXI. A Coruña: Hércules, 410-463.
- Ríos Panisse, C. (2000): «Os inicios do Rexurdimento (1840-1868)». In A. Tarrío Varela (coord.), *Galicia. Literatura: Os Séculos Escuros. O século XIX*. Vol. XXXI. A Coruña: Hércules, 148-257.

Sorensen, D. (1998): *El Facundo y la construcción de la cultura argentina*. Rosario: Beatriz Viterbo editora.

Tarrío, A. (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Xerais.

Tato, L. (1999): *Historia do teatro galego*. Vigo: A Nosa Terra.

Vilavedra, D. (1999): *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.